

NOTA INFORMATIVA SOBRE AVALIACIÓN DA MATERIA DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DE 3º DE ESO

Tendo en conta a **lexislación vixente**:

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Orden EFP/365/2020, de 22 de abril, por a que se establecen el marco y las directrices de actuación para el tercer trimestre del curso 2019-2020 y el inicio del curso 2020-2021, ante la situación de crisis ocasionada por el COVID-19.

Con dita base fixéronse as adaptacións na **programación didáctica** do departamento (aprobado en reunión de departamento didáctico o día 30 de abril de 2020) e na concreción **curricular do centro** (aprobada en claustro virtual con da 29 de abril de 2020).

Detállanse uns principios de avaliación para a materia de Bioloxía e Xeoloxía de 3º de ESO do IES Ramón Cabanillas. Establécense os seguintes principios:

1º A avaliación final consistirá nunha media ponderada entre as avaliación 1ª e 2ª. Concretamente, 60% a 1ª avaliación e 40% a 2ª avaliación. Isto é debido a que desigualdade de contidos avaliados entre ambas.

2º A 1ª avaliación comprende os contidos relativos os temas 1 a 3 do libro.

3º A 2ª avaliación comprende os contidos relativos os tema 4 e 5 do libro. Os contidos de este último tema foron impartidos antes do día 13 de marzo de 2020 polo que serán tidos en conta nos casos establecidos nos principios seguintes.

4º O alumnado cunha media igual ou superior a 5 na media ponderada da 1ª e 2ª avaliación ten unha avaliación final positiva. O cálculo da nota terá en conta a media ponderada fixada no principio 1º e seguindo os principios de cálculo de nota fixados na programación didáctica do departamento.

5º O alumnado cunha media igual ou superior a 5 pode subir nota da seguintes formas:

5º.1. Realizar as tarefas de ampliación de contidos relativos á 3ª avaliación, que serán tidos en conta só de forma positiva. Tendo en conta, que o tema 5 entra nestes casos dentro da 3ª avaliación.

5º.2. Realizar as tarefas de recuperación da 1ª e 2ª avaliación, que serán tidos en conta só de forma positiva. Neste caso, o tema 5 entraría na 2ª avaliación.

6º No caso anterior, o alumnado subirá a nota final nunha proporción ou puntuación fixada na programación e relacionada co seu traballo, esforzo e evolución ó longo das dúas primeiras avaliacións, e o seu traballo na 3ª avaliación.

7º O alumnado cunha nota media inferior a 5 nunha soa avaliación pode recuperar a materia realizando as tarefas de recuperación da avaliación concreta, xa sexa 1ª ou 2ª avaliación. Este alumnado debe, así mesmo, realizar as tarefas relacionadas coa 3ª avaliación. O tema 5 incluírse dentro da 2ª avaliación. Neste caso, as tarefas da 3ª avaliación considéranse de reforzo e desenvolvemento de competencias, tal e como sinala a lexislación vixente. En todos os casos teranse en conta de forma positiva.

8º O alumnado coas dúas avaliacións cunha nota media inferior a 5 pode recuperar a materia realizando as tarefas de recuperación das dúas avaliacións. O tema 5 incluírse dentro da 2ª avaliación. Este alumnado debe, así mesmo, realizar as tarefas relacionadas coa 3ª avaliación. Neste caso, as tarefas da 3ª avaliación considéranse de reforzo e desenvolvemento de competencias, tal e como sinala a lexislación vixente. En todos os casos teranse en conta de forma positiva.

9º O alumnado con nota inferior a 5 na avaliación final, que non realice as tarefas de recuperación da avaliación 1ª ou 2ª; ou que non realice as tarefas de reforzo e desenvolvemento da 3ª avaliación, considérase que non supera a materia na avaliación ordinaria.

10º No caso de que as autoridades educativas e sanitarias o permitan, queda aberta a posibilidade de que o alumnado que non teña nota igual ou superior a 5 poda facer unha recuperación final, polos medios que sexan posibles. De non poder realizarse dita recuperación final terá unha oportunidade extraordinaria en setembro, nas datas que sinala o centro. A materia avaliable comprende os contidos da 1ª e 2ª, que se corresponden ós temas 1 ó 5 do libro.

11º O libro de lectura opcional valorado na 1ª e 2ª avaliación non se considera actividade de recuperación en ningún caso. Queda suprimido como tarefa optativa en todos os casos.

12º O proxecto de investigación será incluído dentro das actividades de recuperación de todo o alumnado. Pode ser individual ou en grupo segundo a valoración por parte do profesor de cada caso. O proxecto estaba incluído dentro da avaliación da 1ª e 2ª avaliación. No caso de alumnado con nota igual ou superior a 5 será valorado positivamente.

13º As datas e prazos quedarán establecidos nun calendario que se facilitará na aula virtual e/ou por correo ó alumnado. Estableceranse outros medios para poder publicitar esta nota informativa e o calendario a aquel alumnado que non teña conectividade. Dito calendario queda suxeito ás modificacións que establezan as autoridades sanitarias e educativas.

14º As tarefas de recuperación, repaso e ampliación, tal e como recolle a normativa, serán as adecuadas para poder establecer a adquisición das habilidades e contidos establecidos na programación. A información sobre tarefas e ponderación indicaranse no calendario que se publicará o antes posible.

15º O alumnado debe sinalar o antes posible as dificultades de conectividade. Isto permitirá, por un lado establecer outros mecanismos para poder realizar igualitaria e adecuadamente a avaliación e, por outro lado, a organización académica das tarefas. No caso de non establecer comunicación dito alumnado, establécese que optan por conservar a nota media ponderada da 1ª e 2ª avaliación.

16º O alumnado que entregue materiais copiados, alterados, feitos por outra persoa, empregue ou faga uso de material fraudulento, ou utilice calquera medio para alterar ou condicionar as tarefas considerárase que non ten superada dita parte da materia.

17º Para o alumnado que pola situación persoal e tras intentar facilitarlle todas as vías posibles, non poda realizar as tarefas estableceranse mecanismos para poder realizar ditas tarefas segundo o disposto no principio 10º.

18º Todo o anterior queda suxeito a variacións dependendo das circunstancias sanitarias e da lexislación vixente en cada momento. As modificacións e alteracións respectaran os principios legais vixentes en todo momento e serán tidos en conta sempre en positivo. Informarase ó alumnado en tempo e forma segundo establezan ditas normas.

Cambados, 30 de abril de 2020